

RESOLUCIÓN 06/2026

Reunida en sesión ordinaria a Xunta Electoral da FEGAN, sendo as 18:30h do 14 de agosto de 2026, habendo quorum suficiente dos seus membros emiten a presente resolución por unanimidade cos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

- I. Mediante a publicación da Resolución 05/2026 estableceuse a distribución dos membros da Asemblea de carácter definitivo, sendo a citada resolución firme, toda vez que non cabe recurso contra esta.
- II. Na mencionada Resolución 05/2026 desta Xunta Electoral determínase que o número total de entidades deportivas é 51, repartido como corresponde por estamentos, especialidades e provinciais, tal e como se establecía provisionalmente no artigo 18.1 do Regulamento Electoral.
- III. Toda vez que o número de membros a escoller é coincidente co número total de entidades deportivas que figuran no censo definitivo e entendendo que é vontade de todas estas entidades deportivas formar parte da Asemblea Xeral da FEGAN, corresponde, co fin de facilitar os trámites a todas as persoas xurídicas afectadas, declarar de oficio a súa candidatura. En todo caso, procede establecer a posibilidade de que todas aquelas que non desexen realmente presentar a súa candidatura poidan comunicalo no prazo establecido para a presentación de candidaturas e sexan excluídas do listado de candidaturas neste estamento.
- IV. Finalizado o prazo establecido para a presentación de candidaturas nos estamentos de árbitros/as, adestradores/as e deportistas á Asemblea da FEGAN, téñense presentado un total de XX candidaturas que compren os requisitos establecidos regulamentariamente e constan no censo definitivo deste proceso electoral e que polo tanto foron admitidas e procede a súa proclamación provisional como candidatos/as en virtude do disposto no artigo 21.5 do Regulamento Electoral.
- III. Fóra do prazo establecido no Regulamento Electoral recibíronse as seguintes candidaturas, a cales non pode ser admitida por este mesmo motivo:

APELIDOS	NOME	ESTAMENTO	ESPECIALIDADE	PROVINCIA
Álvarez Fernández	Borja	Persoas adestradoras	-	-
Pino Lorenzo	Brais	Deportistas	Natación	Pontevedra
Carballo González	Sofía	Deportistas	DGAN	Pontevedra
Blanco Rouco	Carmen	Deportistas	Natación	Pontevedra

FEGAN

Carrera Costas	Andrés	Persoas adestradoras	-	-
Pérez Cruces	Enrique	Persoas adestradoras		
González Estévez	Yoel	Deportistas	Natación	Pontevedra
Rodríguez Ferro	Álvaro	Deportistas	Wáter-polo	Ourense
Sabuz Forneiro	Martín	Deportistas	Máster	

IV.

V. Ao declarase de oficio a candidatura de todos os clubs da Federación, prodúcese unha colisión coa candidatura presentada por Gustavo Álvarez Nogueira no estamento de persoas adestradoras, toda vez que esta persoa ostenta a Presidencia da AD Fogar, tal e como consta no censo definitivo deste proceso electoral.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- I. *O artigo 19.4 do Regulamento Electoral dispón que “Cando o número de persoas candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.”*

Dentro do marco do citado artigo procédese a declarar de oficio a candidatura de todas as entidades deportivas que conforman o censo definitivo deste proceso electoral, habilitando a posibilidade de que as que non o desexen poidan manifestar a súa votande de seren excluídas.

- II. *O artigo 20 do Regulamento Electoral dispón que “Poderá ser persoa candidata a membro da asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente ou por escrito ante a xunta electoral no prazo de 3 días contados desde a publicación do censo definitivo. 2. A xunta electoral, no día hábil seguinte, proclamará a lista provisional de candidatos facéndoa pública no taboleiro de anuncios e na páxina web da Federación Galega de Natación, na sección “ELECCIÓNS 2026”.*

Revisadas todas as candidaturas presentadas en prazo confírmase que se atopan todas as persoas candidatas no censo definitivo e que polo tanto cumpren cos requisitos esixidos na normativa electoral.

- III. O artigo 12 do Regulamento Electoral no que respecta ao calendario electoral dispón que “os prazos deste calendario para a presentación de escritos, reclamacións e recursos, cando estean sinalados por días expirarán ás 14:00h do derradeiro día de prazo, salvo disposición en contrario.”

De acordo co propio calendario electoral o prazo para a presentación de candidaturas rematou o día 13 de agosto de 2026 ás 14:00h. En consecuencia, todas as candidaturas presentadas fóra dese prazo non poden ser admitidas.

- IV. O artigo 18.6 do Regulamento Electoral establece que “*Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.*” De acordo co exposto, cabe darlle traslado a Gustavo Álvarez Nogueira para que decida por que estamento mantén a súa candidatura.

RESOLVEN

1. Considerar de oficio a todas as entidades deportivas que figuran no censo electoral definitivo como candidaturas para o estamento de “entidades deportivas”, cada un no seu respectivo estamento e especialidade, co fin de que non teñan que remitir cada un deles a súa candidatura.
2. Habilitar a posibilidade a todas as entidades deportivas que figuran no censo definitivo deste proceso electoral a que poidan manifestar a súa vontade de non presentarse a este proceso e non formar parte da Asemblea Xeral no prazo establecido para presentación de recursos e que esta resolución eleva a definitivas as candidaturas presentadas.
3. Proclamar candidas e candidatos provisionais nos estamentos de árbitros/as, adestradores/as e deportistas os que de seguido se detallan:

ESTAMENTO DE ÁRBITROS/AS:

APELIDOS	NOME	ESPECIALIDADE
Millán Miguélez	Clara Aurora	Nat. Artística
Sobrado Canosa	Noa	Natación
Caneda Bernárdez	Mónica	Natación
Tornero Viñas	Inés	Natación
Rodríguez Ferro	David	Natación

Deibe Piñón	Lidia	Natación
Blanco Garcinuño	Brais	Wáter-polo

ESTAMENTO DE ADESTRADORES/AS:

APELIDOS	NOME	ESPECIALIDADE
Lata Río	David	Natación
Álvarez Nogueira	Gustavo	Natación
Jiménez Pérez	Jorge M.	Natación
González Fernández	Leticia	Natación

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:

APELIDOS	NOME	ESPECIALIDADE	PROVINCIA
Souto Derungs	Cristina	Máster	A Coruña
Trillo Rodríguez	Adrián	Máster	Pontevedra
Losada Jiménez	Álvaro	Natación	A Coruña
Dopico Rey	Antón	Natación	A Coruña
Losada Jiménez	Sergio	Natación	A Coruña
Gutiérrez Mariño	Santiago	Natación	Ourense
Pardo Pernas	Martín	Natación	Lugo

4. Dar traslado a Gustavo Álvarez Nogueira para que no prazo de reclamacións desta resolución comunique a esta Xunta Electoral polo estamento no que quere figurar a súa candidatura.

Contra a presente resolución cabe recurso perante esta Xunta Electoral no prazo de tres días, de conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento Electoral.

Para que conste os efectos oportunos, certifico dita resolución co visto e praxe do presidente, na Coruña, 14 de agosto de 2026.



Aitor Bouza Manso
Secretario Xunta Electoral



Patricio Sánchez Fernández
Presidente Xunta Electoral